

PROLONGACIÓNS DE XORNADA - CONCILIACIÓN FAMILIAR

O tempo é un ben escaso. Cada vez ten máis valor para as persoas, na medida que é un elemento clave para gozar dunha mellor calidade de vida e dun mellor benestar persoal, familiar e laboral.

8 horas de traballo, 8 horas de descanso e 8 horas de tempo libre.

Esta é a recomendación da [Asociación para a Racionalización dos Horarios Españóis](#), para a repartición equitativa do tempo.

É unha distribución equilibrada que nos permite realizarnos tanto persoalmente coma profesionalmente. **Conciliando a vida persoal e familiar coa laboral**, podemos obter o éxito persoal e profesional que desexamos, e fomentaremos que as empresas premien o talento e a eficiencia.


Está na nosa man facer que esta realidade sexa posible. É preciso que sigamos avanzando por esta liña imaxinaria das prolongacións de xornada e achegámonos á conciliación aínda que necesitamos que o banco se implique na parte que lle corresponde.

CCOO estamos a colaborar coa Universidade de Cádiz (UCA) na realización dun estudo sobre as medidas conciliación no sector financeiro.

Animámoste a participar [na enquisa sobre conciliación](#) sobre conciliación para coñecer se son adecuadas, se son mellorables e se realmente se poden usar en BBVA e no sector.

CCOO reclamamos a BBVA unha aposta de futuro, un compromiso para erradicar a cultura do presentismo e poñer fin ás prolongacións de xornada que permita a toda o equipo conciliar á vez o éxito persoal co profesional.

Ponte límites, aproveita o teu tempo e concilia.



Xullo 2014